

Xornada On-line

Modalidades de protección da Propiedade Industrial e Intelectual e tratamento do software

 **Data:** 22 de Xuño de 2022

 **Horario:** de 09:15 a 11:30

 **Organiza:** CIS Tecnoloxía e Deseño

O **CIS Tecnoloxía e Deseño** promove en 2022 un ciclo formativo de varias actividades, dirixidas especificamente a incrementar o coñecemento das empresas. Nesta primeira xornada trataremos as modalidades de protección da propiedade industrial e intelectual e tratamento do software.

A propiedade industrial e intelectual é o que identifica á empresa, achega diferenciación e seguridade xurídica. É un instrumento de calidade fronte ao cliente, pero tamén unha fonte de información, un instrumento financeiro de primeira orde e un argumento comercial. Resulta crucial tanto para construír unha imaxe de calidade no cliente como para diferenciarse da competencia.

Por iso, é imprescindible que o persoal que está implicado nos procesos de I+D+i empresariais dispoña de competencias nestes ámbitos para poder identificar e protexer convenientemente os diferentes activos de propiedade industrial e intelectual da súa organización.

Este obradoiro será impartido por **MARIANO NIETO**, Xefe do Servizo de Documentación da Oficina Española de Patentes e Marcas e dende 2001 é Técnico Superior Examinador da devandita oficina.

PROGRAMA

9:15 – 9:30h

- Presentación a cargo de **María José Mariño Fontenla**, Directora de Área de Centros de GAIN

9:30 – 10:45h

- Qué é a "propiedade industrial"
- Importancia da "propiedade industrial" para individuos e organizacións:
 - Propiedade intelectual
 - Propiedade industrial
- A Propiedade industrial rexistrada como medio de protección das innovacións
- Modalidades de Propiedade industrial:
 - Deseños
 - Marcas e nomes comerciais
 - Patentes e modelos de utilidade
- A protección dos desenvolvementos de software:
 - Regulación nas Leis de Propiedade intelectual e industrial
 - Melloras prácticas para a protección dos activos TIC na empresa
 - Vantaxes e beneficios para a empresa

10:45 – 11:30h

- Reflexións e discusión

